

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

BASES XERAIS ESPECIFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PEROSAL LABORAL PARA CUBRIR 7 PRAZAS DE AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO, A XORNADA COMPLETA, E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura temporal a tempo completo, mediante contrato de duración determinada, por un ano de duración, de sete auxiliares de axuda a domicilio.

Co fin de non interromper a prestación do servizo de axuda a domicilio, o presente procedemento selectivo servirá para a creación dunha bolsa de emprego ata o 31 de decembro 2017. Esta bolsa formarase con aqueles/as candidatos/as que superen o proceso selectivo, pero non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade local.

O horario será de luns a domingo, —festivos incluídos—, cos descansos que establece a lei e segundo as necesidades do servizo. O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases.

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:


- I. Ter a nacionalidade española.
- II. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- III. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.


b) **Capacidade funcional:** non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) **Idade:** ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) **Habilitación:** non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñan no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.





Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

e) **Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2.** Se non pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo pero será necesaria a realización dun exercicio, segundo se especifica na cláusula cuarta.

f) **Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B e dispor de vehículo propio.**

g) **Titulación**

- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas a domicilio regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais establecido polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.
- Título en Técnico de coidados auxiliares de enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998, de 30 de abril.
- Título en Técnico en atención a persoas en situación de dependencia, regulado no Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro.
- Título equivalente de Técnico de atención sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio.
- Calquera outro certificado ou título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Todo elo nos termos previstos na Resolución de 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, sobre acreditación de centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

3.-SISTEMA SELECTIVO.

O Proceso de selección concurso-oposición constará das seguintes fases:

1. Valoración de méritos.
2. Oposición. Dúas probas: teórica e práctica
3. Proba de galego.

A selección farase mediante o sistema de concurso-oposición libre.

a) **Fase de valoración de méritos.**


Cualificarase eta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO I, sen que a cualificación poida exceder de 25 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición e cualificarase o mesmo día fixado para a realización dos exercicios da oposición e antes da celebración desta.

b) **Fase de oposición.**

Constará de dous exercicios eliminatorios e se puntuarán conforme ao sinalado para cada un deles.

1º EXERCICIO. PROBA TEORICA DE COÑECEMENTOS. 45 PUNTOS.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Consistirá en contestar, nun tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario tipo test de 45 preguntas con 4 respostas alternativas das que só unha delas será correcta, e 5 preguntas de reserva, relacionadas co contido do programa especificado no anexo desta convocatoria.

Cualificarase de 0 a 45 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 23 puntos, valorándose cada resposta correcta con 1,00 punto, correspondéndolle ao Tribunal, cando o número de aspirantes sexa notoriamente elevado ou notoriamente baixo en relación aos empregos a cubrir, determinar o número de respostas correctas esixido para acadala puntuación mínima.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

2º EXERCICIO. SUPOSTO PRACTICO. 25 PUNTOS.

De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización ou resolución de cantas cuestións ou casos prácticos sinala o tribunal, no tempo e forma que decida e que se referirán as tarefas ou coñecementos esixibles ó posto de traballo. No caso de que a índoles dos coñecementos prácticos o permita, poderán realizarse por escrito.

Valoración máxima de 25 puntos, e quedarán eliminados os que non acaden 13 puntos.

A puntuación máxima destas dúas fases da fase oposición será de 70 puntos.

c) Coñecemento da lingua galega.

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que *nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente Lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega segundo a normativa vixente.*

En cumprimento do sinalado os/as aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán o galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que acrediten posuír o CELGA 2 ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

En todo caso, valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulación homologadas pola Xunta de Galicia (so se valorará o grao superior alegado).

1.- CELGA 3 ou estudos equivalentes: 2,00 PUNTOS.

2.- CELGA 4 ou estudos equivalentes: 3,00 PUNTOS.

4.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.


O anuncio da convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na web municipal.

A data da súa publicación no BOP será a que serva para computar o prazo para a presentación de solicitudes. Todo iso, se prexuízo de que a convocatoria tamén se publique na paxina web do concello.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lobios e na súa paxina web: lobios@lobios.org.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no Anexo II da presente convocatoria, dirixido á Alcaldía, achegándose no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, no seu artigo 38, no prazo de tres días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria





Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

no BOP. Se o último día de prazo coincide en sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. As bases íntegras publicaranse no taboleiro de edictos do concello e na paxina web.

No caso en que se opte por achegar a solicitude ou calquera outra documentación que se poida achegar nas distintas fases do procedemento, ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

Nestes supostos os/as interesados/as deberán comunicalo mediante fax, —988 44 80 14—, dentro do mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Na solicitude os/as aspirantes manifestarán que reúnen todos os requisitos da convocatoria e aportarán a documentación acreditativa dos méritos que alegan, en orixinal ou copia compulsada ou cotexada.

Dentro dos tres días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo para achegar as instancias, a Alcaldía ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina web, admitindo ou inadmitindo aos/as solicitantes, indicado a causa de exclusión neste último caso, abríndose un prazo de 3 días hábiles para a emenda de deficiencias. Este prazo de emenda comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios desta entidade local. Rematado o prazo de emenda, ditarase resolución nun prazo de 3 días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá.

As instancias para participar neste proceso selectivo que non se reciban no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP, serán rexeitadas, polo que se recomenda a súa presentación no Rexistro de entrada do Concello de Lobios.

Contra a resolución da Alcaldía pola que se declaren definitivamente excluídos/as do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte á publicación na web municipal e no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.


5.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR: ACREDITACIÓN DE MERITOS.

1.- Os aspirantes deberán achegar, xunto coa solicitude, e con carácter obrigatorios os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas.
- Fotocopia compulsada do título de galego: CELGA 2 mínimo.

2.- Acreditación de méritos:

Cursos de formación. A formación dos/as candidatos/as realizarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologadas por unha Administración Pública.

Experiencia na Administración Pública. Deberá xustificarse co certificado expedido polo órgano da administración con competencia na materia, onde constará a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase, con expresión do tempo que o viñese desempeñando e relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño deste.

Experiencia profesional fora do ámbito da Administración Pública. Deberá xustificarse mediante o contrato de traballo ou nóminas e certificado de cotizacións á Seguridade Social, onde conste o período e grupo de cotización.

As copias acreditativas dos méritos presentados deberán ser cotexadas, sen prexuízo de que, en calquera momento, se poderán requirir os documentos orixinais destas. Calquera diferenza entre o documento orixinal e a súa fotocopia, suporá a non validez do mérito alegado e a exclusión definitiva do proceso selectivo, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar. Así mesmo, os orixinais poderán requirirse aos/as interesados/as seleccionados/as en calquera momento do proceso selectivo e, en todo caso, ao ser chamados para formalizar o correspondente contrato.

Caso de non achegar os devanditos orixinais/fotocopias compulsadas ou non coincidir estes coas fotocopias correspondentes, quedará automaticamente excluído.

A puntuación dos méritos especificase no ANEXO I destas bases.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- Para a aplicación, selección e interpretación das presentes bases da bolsa de Emprego, constitúense o seguinte Tribunal, nomeado por Resolución de Alcaldía.

- Presidente: Funcionario de carreira de administración local, autonómica ou estatal.
- Secretario: Funcionario de carreira da administración local, autonómica ou estatal, que actuará con voz pero sen voto.
- Vogais: Funcionarios de carreira da administración local, autonómica ou estatal.


O tribunal cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados no Título II, Capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectúase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez comezado o proceso selectivo, os sucesivos anuncios para realizar as restantes probas deberán facerse públicos no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web do concello e nos locais onde se realizase a proba anterior, con 24 horas, polo menos, de antelación do comezo das probas.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

7.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará a relación de candidatos/as para cada posto de traballo, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, así como do documento nacional de identidade, elevando dita proposta á Alcaldía, para proceder a continuación á formalización do contrato entre o Concello de Lobios e os/as aspirantes seleccionados/as.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopta a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello en na web municipal, para xeral coñecemento.

8.- CREACIÓN DA BOLSA DE CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as que non obtivesen praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de xeito tal que permita a contratación temporal para o desempeño de postos de traballo que se atopen vacantes para a substitución de persoal con dereito a reserva de posto de traballo por motivos tales como ILT, maternidade, cobertura de vacacións, entre outros, nos que sexa imprescindible para o normal desenvolvemento do servizo. Igualmente cabe acudir a esta bolsa, nos supostos de contratacións temporais para dar cobertura a un eventual incremento de horas de dependencia autorizado dende a Consellería de Traballo e Benestar, cando non poida ser atendido polos/as traballadores/as contratados.

Previamente ao nomeamento será necesario solicitar informe de existencia de crédito á Intervención municipal.

Por Resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes que integrará a bolsa de emprego, en réxime de persoal laboral, segundo a orde de puntuación acadada no proceso selectivo, aos efectos de proceder á formalización da contratación.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios e na web do Concello.

A bolsa terá carácter rotatorio e co chamamento realizarase en función das vacantes de posto por rigorosa orde puntuación, a través de teléfono ou carta, o aspirante deberá facilitar un numero de contacto, correo electrónico e dirección postal a efecto de notificacións.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción, incluído o chamamento telefónico.

A chamada por teléfono realizarase ata tres veces en horas distintas deixando, no seu caso, mensaxe de voz . No momento que conteste, o/a bolseiro/a terá 24 horas para achegar a documentación no Concello, senón entenderase que renuncia.

A persoa encargada destas comunicación deixará constancia destas, con indicación de data, hora e persoa ou sistema de contacto, mediante dilixencia no expediente.

No caso de renuncia, o/a interesado/a pasará ao último posto da lista correspondente, salvo que concorran circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan acreditadas debidamente. Nestas casos respectarase a orde do/a aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.

A persoa que entrase a traballar, unha vez rematado o seu contrato, reincorporarase á bolsa de emprego da súa especialidade na última posición do listado.

Os contratos de traballo non poderán ter, en ningún caso, unha duración superior á vixencia da bolsa de emprego, que se estenderá ata o 31 de decembro de 2017.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

9.- LISTADO ADICIONAIS.

1.- Excepcionalmente, cando se esgotase o listado da bolsa de emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario para cubrir esas necesidades de carácter temporal.

2.- Estas posibles convocatorias, axustaranse, en todo caso, ao disposto nas presentes bases.

10.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

- Por vontade propia do solicitante.
- Por obter informe desfavorable do responsable do servizo ou no superar o período de proba o que se refire o Estatuto dos traballadores.
- Por non presentar en tempo e forma a documentación necesaria de acordo con estas bases.
- Por non cumprir os requisitos mínimos esixidos nestas bases.

Disposición final.

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial.

Lobios, 12 de febreiro de 2016

A Alcaldesa,


María del Carmen Yáñez Salgado

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, Marta Izquierdo Gamallo, Secretaria-Interventora do Concello de Lobios, para facer constar que as presentes bases e os seus anexos foron aprobadas mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2016.

Lobios, 1 de marzo de 2016

A Secretaria-Interventora,





Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS


TEMARIO FASE DE OPOSICIÓN

PARTE I

- Tema 1. A Constitución española de 1978. Estrutura, características, contido e principios fundamentais.
- Tema 2. Os poderes do Estado na Constitución.
- Tema 3. Os dereitos e liberdades na súa configuración constitucional. Suspensión. Garantías.
- Tema 4. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. Competencias. Os estatutos de autonomía. Sistemas de normas emanadas das comunidades autónomas.
- Tema 5. A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento de Galicia. Funcións. O Valedor do Pobo.
- Tema 6. Institucións de autogoberno de Galicia. Organización administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 7. Réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. A provincia no réxime local. A regulación constitucional da provincia en España.
- Tema 8. O municipio no réxime local. Organización municipal e competencias.

PARTE II

- Tema 1. A Lei de Prevención de Riscos Laborais. Seguridade de edificios públicos.
- Tema 2. Recursos sociais para a atención ao maior e integración.
- Tema 3. Nutrición, dietética e alimentación do maior. Principios fundamentais. Características da alimentación na persoa maior. O servizo de xantar sobre rodas e servizos similares.
- Tema 4. Hixiene e seguridade persoal. Boas prácticas de hixiene. Prevención de enfermidades infecciosas no servizo de axuda a domicilio. O coidado da roupa, o lavado, a pasada do ferro e a costura da roupa.
- Tema 5. Limpeza e coidados do fogar. Produtos e técnicas de limpeza e desinfección en cocinas e comedores e en dormitorios e zonas de uso común.
- Tema 6. Coidados básicos ao maior dependente (prevención e atención sanitaria) Xestión e administración básica do fogar.
- Tema 7. Coñecementos psicosociais do maior. Técnicas e estratexias de actuación.
- Tema 8. A Ordenanza municipal reguladora do servizo de Axuda no fogar, do Concello de Lobios



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ANEXO I.- VALORACIÓN DE MÉRITOS FASE DE CONCURSO

1. Experiencia profesional.- Ata un máximo de 15 puntos.

1.1 Experiencia profesional como Auxiliar de axuda no fogar ou en postos semellantes prestados na Administración Pública: 1 punto por ano completo traballado ata un máximo de 10 puntos.

1.2 Experiencia profesional como Auxiliar de axuda no fogar ou en postos semellantes no ámbito da empresa privada ou exercicio profesional autónomo: 1 punto por ano traballado ata un máximo de 5 puntos.

Non se computarán os servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

No caso de servizos superiores a un mes e inferiores a un ano prestados a mesma entidade local ou administración pública, e aos efectos do seu cómputo, sumarase a o tempo de prestación dos mesmos ata alcanzar o ano completo separadamente para cada entidade local ou administración pública.

2. Formación específica.- Ata un máximo de 10 puntos.

Pola realización de cursos de formación e perfeccionamento que teñan relación co posto de traballo ao que se opta impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada:

Cursos de mais de 200 horas 2 puntos.

Cursos de 100 a 199 horas 1 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas 0,75 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas 0,50 puntos.


Cursos de 15 a 39 horas 0,25 puntos.

Os cursos cunha duración inferior a 15 h, non serán tidos en conta.

Deberá presentarse a xustificación dos méritos obxecto de avaliación na fase de concurso mediante copia compulsada dos contratos, ou certificacións de servizos, copias compulsadas dos títulos ou diploma dos cursos realizados, non admitíndose a documentación que non faga fe dabondo do mérito aportado.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez.





Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 7 AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

APELIDOS E NOME				
DNI				
ENDEREZO				
Rúa	Nº	Escaleira	Piso	Porta
Código Postal	Municipio		Provincia	
Teléfono		Dirección de correo electrónico		

Que ten coñecemento da convocatoria realizada polo Concello de Lobios para cubrir mediante concurso oposición, 7 prazas laborais de auxiliar de axuda a domicilio, considerando que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso achegando a documentación que sinala cun (X):

Que coñece e acepta incondicionalmente as Bases da convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados nas mesmas e presenta ao efecto a seguinte documentación:

Relación de documentos que se presentan (orixinais e copias para a súa compulsa ou copias xa compulsadas).


- ☐ Documento nacional de identidade [DNI]
- ☐ Titulación.
- ☐ Certificados sobre a experiencia de traballos [cubrir relación ao dorso]
- ☐ Certificados/diplomas, etc. acreditativos de cursos relacionados co contido do posto de traballo.
- ☐ Outros documentos _____

SOLICITA: Se teña por presentada esta solicitude e documentación anexa para súa inclusión no procedemento de selección.

En Lobios, a de de 2016

Sinatura do interesado/a:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO.CONCELLO DE LOBIOS



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ANEXO III.- MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dña., con DNI núm.,
e enderezo en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que reúno os requisitos necesarios para contratar coa administración pública, non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, non padezo enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións, non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin me atopo inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de persoal para integrar o servizo de Auxiliar de Axuda a Domicilio do Concello de Lobios, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade en Lobios, de de 2016

Sinatura do interesado/a:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LOBIOS.

